

opinión cultura

NOVELA

LITERATURA DE SENTIMENTOS

Francisco
Martínez
Bouzas

O autor de *Unha cita co aire*, novela recentemente editada por Galaxia, Francisco Fernández Naval, é un escritor atrapado, na meirande parte das súas obras, polos conflitos interiores dos seus personaxes, conflitos que o escritor ourensán sabe expor habilmente botando man de variadas técnicas narrativas, en especial do monólogo interior. A súa é, pois, unha narrativa na que o lector non atopará unha sobrea-bundancia de acción, xa que o interese do narrador se concentra no que acubilla a mente e o corazón dos seus personaxes, que se conver-ten así nunha das columnas fundamentais do relato.

En *Unha cita co aire*, Fernández Naval confirma estas liñas mestras dunha escrita que cómpre, xa que logo, inserir na literatura de sentimentos, na introspec-ción, neste caso da psico-loxía masculina, e na análi-se en clave ficcional das ru-tas interiores da amizade. Rutas que loitan por ocupa-ren un lugar importante nas lembranzas, como as ratas da memoria que pugnan por saíren á superficie da nosa vida consciente.

A forza irrefreable da memo-ria é, xa que logo, o tema de fondo desta última peza na-rrativa de Francisco Fernán-dez Naval, un narrador im-



Francisco Fernández Naval, autor de 'Unha cita co aire'

portante da nosa literatura, con-solidado xa no ano 1988 cando a súa novela, *O bosque das antas*, obtivera o Premio Xerais. Mais un narrador nunca apremado pola necesidade de dar ao prelo unha novela cada ano.

A amizade e as súas rutas e reviravoltas, os seus recunchos, as súas ilusións e desenganos conforman a temática de *Unha cita co aire*, que se desenvolve mediante unha trama que nos presenta a historia de dous ami-gos, Gabriel e Abelardo, un xor-

nalista e un fotógrafo que, sen ser como dúas gotas de auga, comparten experiencias vitais e emocións, centradas sobre todo ao redor de figuras femininas ou de personaxes relacionados coa música. E tamén o amargor da ruptura.

Anos despois desta creba, os sentimentos daquela amiza-de abrollan con forza nas lem-branzas de Gabriel, logo de re-cibir a moi especial encomenda de ceibar as cinsas de Abelardo sobre o río Miño desde a Ponte

Vella de Ourense. Regresan en-tón de xeito imparable na me-moria de Gabriel as lembranzas das experiencias compartidas e saen á luz de forma obstinada e á vez arbitraria.

É a pertinacia do pasado que xamais somos quen de di-solver e que no relato de Fer-nández Naval aparece presen-tado de xeito fragmentario e en convivencia co tempo presen-te. Nese escaparate do pasado podemos esculcar no só as ru-tas interiores dos sentimentos entre os dous amigos, senón ta-mén unha verdadeira aprendi-zaxe da vida, as súas reviravol-tas e todo aquilo que a poboia e lle dá sentido e consistencia: as covardías, as derrotas sen bata-lla, os amores medorentos, os carreiros e atallos da rutina.

Crónica íntima e intimista dun-ha amizade que acubilla ao mes-mo tempo agudas reflexións existenciais. Crónica somerxi-da con frecuencia nun clima de extrema desolación.

O máis salientable, na miña es-tima, na construción da novela, é a súa estrutura aberta e frag-mentaria, así coma o tratamen-to do tempo. O autor liga har-moniosamente e sen provocar confusións no lector os dous tempos: o diacrónico do relato que flúe ao longo dos anos, e o sincrónico do presente do per-sonaxe principal, Gabriel, que nos descobre sobre todo o que pensa na actualidade.

Estilisticamente a escrita de Fernández Naval é un verdadei-ro galano lingüístico: linguaxe pulcra e moi natural máis non exenta de intres de verdadeiro fulgor e gordura e pingas de ex-quisito lirismo.